

ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 26 DE OUTUBRO DO 2009.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e seis de outubro de dous mil nove; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Anxo Collarte Pérez, Don José Ignacio Gómez Pérez e Dona Manuela Iglesias Collarte.- Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.-

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 19 de outubro de 2009 (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.

1º.-INFORMACIÓN URBANÍSTICA.

1.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Antonio Díaz Anta**, con domicilio a efectos de notificación en rúa Hermanos Labarta, No.11, 2ºD, Noia, con número de rexistro de entrada No. 5979. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 26.10.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito na Quinza (ref.catastral, Parcela 540. a) y b), Polígono 14), a solicitud de don Antonio Días Anta de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

2.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Carlos Gómez Arenosa**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Salgado Moscoso, No. 3, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 5457. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 16.10.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito Rúa Muñoz Calero, No. 99 (ref.catastral, 1235153NG813N0001FK), a solicitud de don Carlos Gómez Arenosa de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

3.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Carlos Gómez Arenosa**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa Salgado Moscoso, No. 3, Ribadavia, con número de rexistro de entrada 5458. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 16.10.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito Rúa Muñoz Calero, No. 89 (ref.catastral, 1235166NG7813N0001FK), a solicitude de don Carlos Gómez Arenosa de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

4.-“Solicitud de información urbanística interesada por **don Celsa Ferreiro Varela**, con domicilio a efectos de notificación en Rúa García Penedo, No. 4, 2º, C. P. 32400-Ribadavia, con número de rexistro de entrada 6399. A proposta da Concelleira Delegada de urbanismo Dona Manuela Iglesias Collarte, e visto o correspondente informe técnico de data 20.10.09.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade aprobou a información urbanística que se contén naquel, sobre o lugar sito Rúa García Boente, 4, , a solicitude de dona **Celsa Ferreiro Varela** de xeito que se entregará ó solicitante copia selada e cotexada do devandito informe para coñecemento e efectos.”

5.-Recurso de Reposición.

VISTA a Interposición de Recuso de Reposición por Don José Luis Rodríguez Ruíz, en nome e representación de dona María Antonia Ruíz Álvarez, contra Resolución de Alcaldía de data 21 de setembro de 2009, sobre autorización de inicio de obras procedo a contestarlle as razóns esgrimidas por vostede para solicitar anulación das actuacións e suspensión do procedemento en tanto se resolva sobre o mesmo.

En canto a primeira das consideracións xurídicas esgrimidas por vostede na que se fai referencia á que na Notificación da Resolución do 21 de setembro do 2009, existe un erro por canto se establece o seguinte:

“Plazos: El inicio de las obras es de un (3) meses y el plazo de remate de un(3) años a contar desde el día siguientes de la notificación del presente acuerdo”.

A este respecto debemos ter en conta a previsión do artigo 105.2 de la Lei 30/92 PAC, no que se recollen os erros materiais, os cales poderán ser rectificadas en calqueira momento polas administracións públicas de oficio ou a instancia dos interesados, establecendo o Tribunal Supremo en relación con este artigo que á súa apreciación deberá ser posible contando co exclusivo contido do acto (TS 30/5/85). Entendemos que dito erro material só podería ser constitutivo dunha irregularidade non invalidante ao amparo do artigo 63 da Lei 30/92 LPC, que establece que o defecto de forma só determinará a anulabilidade cando o acto careza dos requisitos formales indispensables para alcanzar o seu fin ou de lugar a indefensión do interesado, de xeito que no caso concreto non se impide alcanzar a finalidade do acto administrativo posto que como se deduce do escrito presentado por vostede enténdese perfectamente que o prazo para inicio das obras é de tres meses independentemente do erro material cometido no envío da notificación, posto que no seu recurso se dí literalmente o seguinte:

“Si bien la mención “un (3) meses” literalmente establecida puede entenderse como equivalente al de tres (3) meses –según apunta la utilización del plural meses–”.

Por tanto a notificación efectuada a vostede enténdese plenamente válida e eficaz dacordo coa previsión do artigo 57 da Lei 30/92 LPC que establece que: “os actos administrativos se presumirán válidos e producirán efectos dende a data na que se dicten salvo que neles se dispoña outra cousa”, establecendo o Tribunal Constitucional en sentenza 22/84 que dito principio de executividade atópase no principio de eficacia co que a de actuar a administración dacordo co artigo 103.1 da Constitución.

Non obstante o Concello procederá a rectificar este erro material da Resolución de 21 de setembro de 2009, en Xunta de Goberno Local, e será inmediatamente notificado para evitar posibles problemas de inseguridade xurídica.

En segundo lugar, vostede argumenta que o prazo de tres meses que se lle outorga para o inicio das obras na resolución de 21 de setembro de 2009, non é conforme a dereito, posto que entende que serían de aplicación as normas complementarias e subsidiarias de planeamento das provincias de Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, aprobadas por orden da Consellería de Ordenación Territorial e Obras Públicas da Xunta de Galicia dictada o 3 de abril de 1991, que establecen o prazo dun ano para o inicio das obras.

A estes efectos acompaña unha sentenza do Tribunal Supremo de 10 de decembro do 1998, na que se establecen as seguintes consideracións:

“Debe concluirse unha vez obtida a licenza co proxecto básico, a posterior presentación do proxecto de execución adaptado a aquel habilita para o comenzo material das obras, pero non para denegar a licenza xa concedida con base en posibles cambios normativos producidos posteriormente. É elo porque a aplicación da normativa urbanística debe realizala o Concello á vista da solicitude de licenza acompañada polo proxecto básico, pero non cando (outorgada xa a licenza en firme expresa o presuntamente) o interesado se limita a presentar o proxecto de execución para o comezo das obras.

Non estamos dacordo coa argumentación esgrimida posto que unha cousa é a licenza e outra as condicións para o seu outorgamento e así na antedita sentenza entendemos que se está facendo referencia continua ao concepto de licenza, e, non ao de condicións para o seu exercicio. Para entender claramente esta cuestión, faremos referencia a tres aspectos ou características das licenzas urbanísticas como son:

a) O carácter declarativo da licenza de conformidade coa STC 61/97 que establece que:

“O acto de edificación implica a materialización sobre un determinado terreo do aproveitamento urbanístico patrimonializado polo titular dominical daquel, de tal xeito que o acto autorizador da licenza municipal non é senon o modo de control ou intervención administrativa para fiscalizar si se produciu a adquisición de dita concreta facultade urbanística, cal é o dereito a edificar, cumprindo así a licenza non só a finalidade de comprobar se a edificación proxectada se axusta ao plan e a lexislación urbanística.(...)”

b) A especificidade que implica que se trata dunha autorización que permite o dereito a edificar e soamente eso e non outra cousa distinta.

c) Carácter reglado que implica dacordo coa STS do 8/07/1989, que necesariamente debe outorgarse ou denegarse según que actuación pretendida se adapte ou non á ordenación aplicable.

Sintetizando o que se deduce destas características da licenza urbanísticas e que á súa finalidade é controlar que o que o particular pretende facer se axusta á normativa urbanística, sendo o prazo para o inicio e o remate das obras unha condición para o exercicio da licenza, pero non formarían parte do contido da licenza estricto sensu. Esta argumentación podería sosterse fundamentalmente en base o seguinte:

A) O artigo 6.3 do RD314/2006 de 17 de marzo polo que se aproba o código técnico da edificación establece que:

3. A efectos de su tramitación administrativa, todo proyecto de edificación podrá desarrollarse en dos etapas: la fase de proyecto básico y la fase de proyecto de ejecución. Cada una de estas fases del proyecto debe cumplir las siguientes condiciones:

a) El proyecto básico definirá las características generales de la obra y sus prestaciones mediante la adopción y justificación de soluciones concretas. Su contenido será suficiente para solicitar la licencia municipal de obras, las concesiones u otras autorizaciones administrativas, **pero insuficiente para iniciar la construcción del edificio**. Aunque su contenido no permita verificar todas las condiciones que exige el CTE, definirá las prestaciones que el edificio proyectado ha de proporcionar para cumplir las exigencias básicas y, en ningún caso, impedirá su cumplimiento; y

b) El proyecto de ejecución desarrollará el proyecto básico y definirá la obra en su totalidad sin que en él puedan rebajarse las prestaciones declaradas en el básico, ni alterarse los usos y condiciones bajo las que, en su caso, se otorgaron la licencia municipal de obras, las concesiones u otras autorizaciones administrativas, salvo en aspectos legalizables (...)"

Por tanto, se temos en conta que o outorgamento da licenza no ano 1990, produciuse para autorizar o proxecto básico non parece ter ningún sentido que na mesma se establecése un prazo para o inicio das obras en tanto en canto non se presentase un proxecto de execución que permitise definir con exactitude a envergadura das obras (máxime cando o artigo citado establece que o proxecto básico é insuficiente para iniciar a construción do edificio). Ademais o proxecto de execución recibiu o último informe favorable por parte da Comisión de Patrimonio Histórico de Ourense e do Concello de Ribadavia en datas de xullo e setembro do 2009 respectivamente, sendo presentado o proxecto de execución en data de xaneiro do 2005 e entregándose a documentación sobre subsanación de deficiencias do proxecto en data de febreiro do 2009, polo cal parece que o máis lóxico e adecuado a dereito sería aplicar a normativa urbanística de regulación das condicións para a implantación do autorizado pola licenza urbanística do ano 1990, no momento en que se puidese comezar a edificar, e dicir, a normativa correspondente ao ano 2009, que no caso concreto sería o artigo 197 da Lei 9/2002 da ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA).

O que parece claro e que a as normas subsidiarias e complementarias do ano 1991 non serían aplicables a licenza outorgada no ano 1990 posto que de acordo coa STS do 9 denovembro de 1974 a forza normativa se adquire coa aprobación definitiva seguida da publicación, permitindo esta a entrada en vigor e eficacia da norma (STS01-02-1997).

B) Dacordo coa argumentación anterior, a aplicación das Normas Complementarias e Subsidarias do ano 1991, no ano 2009 en que existe normativa urbanística aplicable de rango legal sería *contrario ao principio de xerarquía normativa recollido no artigo 9.3 da Constitución posto que dacordo coa STS de data 26-05-87 e STSJ do País Vasco de data 10-10-2003, o rango normativo das normas complementarias e subsidiarias é a dun regulamento*. Así as normas complementarias e subsidiarias do ano 1991 establecen un prazo para o inicio das obras dun ano, mentres que no artigo 197.1 da LOUGA, se establece un prazo máximo de seis meses, polo cal existe unha contradicción evidente entre norma legal e regulamentaria debendo prevalecer a norma legal sobre o regulamento. Unha interpretación contraria conduciría a unha evidentemente merma do principio de legalidade e de seguridade xurídica (art. 9.1 Constitución), e por tanto do principio de confianza lexítima dos cidadáns na actuación da administración (art. 3PAC), ademáis de atentar claramente ao principio de igualdade (art.14 Constitución) ao permitir diferentes prazos para o inicio das obras no outorgamento das obras, dependendo dos cidadáns solicitantes.

En terceiro lugar, vostede argumenta que en caso de non ser aplicables as normas complementarias e subsidiarias citadas sería aplicable o artigo 197 da LOUGA que establece un prazo de seis meses para o inicio das obras, o cal non é certo posto que literamente o que dí este artigo é:

“En su defecto, el plazo de iniciación no podrá exceder de seis meses, y el de terminación de tres años, desde la fecha de su otorgamiento...”

Así, o artigo non establece un prazo obrigatorio de seis meses, senon simplemente un prazo de seis meses para iniciar as obras, polo cal o prazo que selle dé o particular poderá ser menor.

En calqueira caso vostede argumenta o seguinte: o establecemento dun prazo de inicio de obras inferior o xeral previsto pola normativa aplicable, require dunha especial e pormenorizada motivación inexistente na resolución impugnada, argumento co cal tampouco estamos dacordo, posto que o artigo 197 da LOUGA establece un prazo que non poderá exceder de seis meses para o inicio das obras, o cal non é un prazo xeral se non un prazo máximo.

A este respecto debemos ter en conta as seguintes consideracións:

En primeiro lugar o artigo 89 da Lei 30/92 establece que: as resolucións contendrán a decisión que será motivada nos casos ao que se refire o artigo 54, e dicir, os actos que limitan dereitos subxectivos o intereses lexítimos, os que reciban procedementos de revisión de oficio de disposicións o actos administrativos, recursos administrativos, reclamacións previas á vía xudicial..., os que se separen do criterio seguido en actuacións precedentes..., así como os que deban selo en virtude de disposición legal o regulamentaria expresa.

Neste senso entendemos que o caso concreto só podería ter relación con dous supostos anteriormente citados, como son:

A) Separación do precedente que según a STS, do 5/10 do 98: a separación do precedente debe fundarse en datos de feito sólidamente acreditados no expediente administrativo sen que vaste unha afirmación calqueira para xustificar tal apartamento e que dacordo coa STSX de Galicia do 17/09/98 é un elemento interpretativo de normas confusas. **Así a**

utilización dun prazo para o inicio das obras diferente ao utilizado con carácter xeral polo Concello de Ribadavia só debería motivarse no caso de que o prazo outorgado a vostede fose inferior ao outorgado ao resto dos cidadáns, o cal non ocorre posto que é habitual no Concello dependendo da envergadura das obras a utilización de prazos menores .

B) Motivación en virtude de disposición expresa como sería por exemplo no ámbito da Lei 30/92 PAC a solicitude de informes non preceptivos (art. 82/3) a denegación de probas no procedemento (art.80/3), no ámbito do procedemento expropiatorio a declaración de utilidade pública e interese social (art.9LED) ou no ámbito urbanístico aprobación dos plans xerais de ordenación urbana, sen que no caso concreto exista norma algunha que obrige a motivar o prazo xeral de outorgamento da licenza urbanística, sobre todo se temos en conta como xa se dixo anteriormente que o prazo outorgado é o que con carácter xeral, se lle permite o conxunto dos cidadáns.

En segundo lugar, engadir que o artigo 197/2 da LOUGA, establece o seguinte:

“2. Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.”

O emprego deste artigo permitiríalle a vostede, en caso de ter problemas para o inicio das obras e sempre que o xustificase adecuadamente a petición dunha prórroga que o mecanismo, que entendemos adecuado para facer valer os seus dereitos.

Por tanto, das argumentacións anteriores deducimos a non necesidade de motivación do prazo de inicio das obras, xa que o artigo 197 da LOUGA establece un prazo máximo que, non xeral de inicio das mesmas, sendo ademáis o precedente administrativo aplicable no Concello un prazo inferior a seis meses de inicio das obras, e contando ademáis o administrado coa posibilidade de solicitar unha prórroga en caso de serlle absolutamente imposible o inicio das obras no prazo outorgado.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros resolve: a) desestimar o Recurso de Reposición interposto por vostede no que se pedía a nulidade da Resolución da Xunta de Goberno Local de 21 de setembro de 2009 ao considerar que o prazo para o inicio das obras concedidas a vostede debería ser tres meses, por ser a resolución indicada conforme ao dereito.

b) suspender o prazo para o inicio da execución das obras no prazo comprendido entre a presentación do recurso e a súa notificación

-6-Devolución de Aval.

Dase conta por parte do secretario do escrito presentado por Don Juan Gonzalez Loeda relativo a devolución de fianza polo remate de obras.

Feitas as comprobacións oportunas a xunta de goberno acorda por unanimidade dos seus membros proceder a devolución do citado aval por importe de 202,02 euros.

-7-Prorroga de Licencia.

Dase conta por parte do secretario do escrito presentado por Dona Carmen Cubela Alvarez sobre prorroga de licenza de obra menor.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros ampliar o prazo outorgado inicialmente en tres meses mais.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Non houbo.

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

1.-RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL

VISTO o Acordo de Xunta de Goberno Local do 19 de outubro do 2009, onde dí :

Primeiro.- Conceder licenza de legalización de obras a dona Verónica Araujo Meiriño para adaptación dun local para unha ludoteca, situada na Rúa Do Ribeiro, No. 53, Baixo.

Segundo.- Conceder Licenza definitiva de apertura a **dona Verónica Araujo Meiriño**, para actividade de ludoteca situada na Rúa Do Ribeiro, No. 53, Baixo.

Terceiro.- Para plena efectividade da licenza deberá procederse ao pago da liquidación da taxa por licenza de apertura xirada polo señor interventor cunha cuantía de 261.25 euros”, e en caso de ser precisa algunha autorización sectorial deberá ser aportada pola solicitante.

:A Xunta de Goberno acorda por unanimidade dos seus membros proceder arectificación do erro material que debe dicir:

Primeiro.- Conceder licenza de legalización de obras a dona Verónica Araujo Meiriño para adaptación dun local para **un espazo infantil**, situado na Rúa Do Ribeiro, No. 53, Baixo.

Segundo.- Conceder Licenza definitiva de apertura a **dona Verónica Araujo Meiriño**, para actividade **dun espazo infantil**, situado na Rúa Do Ribeiro, No. 53, Baixo.

Terceiro.- Para plena efectividade da licenza deberá procederse ao pago da liquidación da taxa por licenza de apertura xirada polo señor interventor cunha cuantía de 261.25 euros”, e en caso de ser precisa algunha autorización sectorial deberá ser aportada pola solicitante.

2.-RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL

VISTO, o acordo da Xunta de Goberno Local de 21 de setembro de 2009, onde dí:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á

legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística, que deberá ser interesada polo solicitante da licenza.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

2.- Condicións particulares:

Prazos: O prazo de inicio das obras é dun (3) meses e o prazo de remate de un (3) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación do presente acordo.

Condicións técnicas: Deberá terse en conta o establecido na Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Ourense de data 1/07/2009, que establece que as carpinterías de aluminio lacado nas que en ningún sitio se comprometen a empregar solucións coplanares de apertura evitando as corredoiras

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros proceder a rectificación do erro material, polo cal no acordo adoptado debe dicir:

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística, que deberá ser interesada polo solicitante da licenza.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a

construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: o incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.

2.- Condicións particulares:

Prazos: O prazo de inicio das obras é de tres meses e o prazo de remate de tres anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación do presente acordo.

Condicións técnicas: Deberá terse en conta o establecido na Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de Ourense de data 1/07/2009, que establece que as carpinterías de aluminio lacado nas que en ningún sitio se comprometen a empregar solucións coplanares de apertura evitando as corredoiras

Outras condicións: As obras deberán axustarse o proxecto e documentación anexa aportada o expediente. O promotor da intervención ten a obriga de comunicar, coa debida antelación, o inicio das obras para que se poida programar dende a oficina do P.E.P.R.I. o oportuno seguimento das obras.

3.-ADJUDICACION PROVISIONAL DA OBRA DENOMINADA “ACTUACIÓN PARA MELLORA DO ESPAZO PUBLICO NA RÚA PROGRESO”

Ponse de manifesto a Xunta De Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade a obra “**ACTUACIÓN PARA MELLORA DO ESPAZO PUBLICO NA RÚA PROGRESO**”, segundo proxecto redactado polas arquitectas Dona Mercedes Álvarez López, dona Begoña Arregui Rodríguez , e Paula Alfonso Laya, con data de acta de replanteo de 16 de outubro do 2009 .

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados ó dezanove de outubro de 2009, mediante a fórmula de procedemento negociado sen publicidade e presentando oferta as seguintes empresas: OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A., INFOELCO, S.L. e AOPIL, S.L.

Rematado o prazo de presentación de proposicións procedeuse a apertura das mesmas en Xunta de Goberno Local do 26.10.2009 ao non prever os pregos a constitución da mesa de contratación por ser ésta potestativa., da que se desprende o seguinte:

Procédese a comprobar a documentación contida no sobre A das empresas presentadas que son:

OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS S.A., INFOELCO, S.L. e AOPIL, S.L., cumprindo todas elas coa documentación presentada que cumpre os requisitos previstos na cláusula nº13 do Prego de cláusulas administrativas particulares.

Posteriormente procédese a apertura do sobre B da empresa AOPIL, S.L., comprobándose que presenta as seguintes características na súa oferta: Presenta unha oferta económica por importe de 84.087,76€, e en canto aos criterios valorables na oferta técnica presenta a seguinte documentación:

A) melloras consistentes na realización de:

- 5 Ud. Pintado de columnas de fundición con tres brazos para tres luminarias
- 2 Ud. Pintado de columnas de fundición de una luminaria
- 17 Ud. Pintado de faroles de fundición
- 17 Ud. Adaptación de faroles para aforro enerxético e eliminación de contaminación lumínica

Outórgaselle dous puntos:

b) Programa de traballo e protección ambiental. A empresa presenta un sistema de xestión de calidade ISO 9001, considerando a mesa que equivale a un traballo de protección ambiental, outorgándosele dous puntos.

c) Plan de seguridade e saúde: un punto

d) Redución do prazo de execución que no prego é de 3 meses e na oferta de 30 días polo cal se lle da unha puntuación de 1 pto.

Polas que se lle outorga unha puntuación de dous puntos.

B)A empresa INFOELCO, S.L., presenta as seguintes características na súa oferta: Presenta unha oferta económica por importe de 84.087,76€, e en canto aos criterios valorables na oferta técnica presenta a seguinte documentación:

a) melloras consistentes na realización de:

Non houbo

b) Programa de traballo e protección ambiental. Non o presenta

c) Plan de seguridade e saúde: se lle outorga unha puntuación dun punto

d) Redución do prazo de execución. Non reduce o prazo.

C) A empresa OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., presenta as seguintes características na súa oferta: Presenta unha oferta económica por importe de 84.087,76€, e en canto aos criterios valorables na oferta técnica presenta a seguinte documentación:

e) melloras consistentes na realización de:

Non houbo

f) Programa de traballo e protección ambiental. Non o presenta

g) Plan de seguridade e saúde: se lle outorga unha puntuación dun punto

h) Redución do prazo de execución. Non reduce o prazo.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local, adoptou por unanimidade os seguintes acordos:

1-Adxudicar provisionalmente a obra denominada“**ACTUACIÓN PARA MELLORA DO ESPAZO PUBLICO NA RÚA PROGRESO**”a empresa AOPIL.S.L., con domicilio na Rúa Beronza-2.O abxudicatario presentara unha fianza definitiva por importe de 4204,38 € na tesourería municipal, en calqueira das formas admitidas en dereito, no prazo de 5 días hábiles a partir da recepción do acordo.

3-A formalización do contrato realizarase dentro dos 10 días hábiles seguintes a da notificación do acordo de abxudicación definitiva, facultándose ao Sr Alcalde para a sinatura do mesmo.

4- Antes do inicio das obras deberá presentarse a acta de comprobación do replanteo ademais de aprobarse o Plan de seguridade e saúde.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO